

PERÍFRASES VERBAIS

Perífrases temporais	FUTURIDADE XERAL	ir + infinitivo	<i>Vou estudar Medicina</i>
		haber (de) + infinitivo	<i>Hei (de) estudar Medicina</i>
	FUTURIDADE INMEDIATA Acción inminente	estar a / para + infinitivo	<i>María está a chegar</i>
		andar para + infinitivo	<i>María anda para chegar</i>
		querer + infinitivo	<i>Parece que quere chover</i>
		haber (en pretérito) (de) + infinitivo	<i>Houbo de acabarme coa paciencia</i>
Perífrases modais	OBRIGATIVAS Obrigación ou necesidade	haber (de) + infinitivo	<i>Has de facer o traballo</i>
		haber que + infinitivo	<i>Hai que facer o traballo</i>
		ter que + infinitivo	<i>Tes que facer o traballo</i>
		deber + infinitivo	<i>Debes facer o traballo</i>
	HIPOTÉTICAS Probabilidade	deber de + infinitivo	<i>Esa rapaza debe ser a súa amiga</i>
		poder + infinitivo	<i>Esa rapaza pode ser a súa amiga</i>
		haber + infinitivo	<i>Esa rapaza ha ser a súa amiga</i>
Perífrases aspectuais	IMPERFECTIVAS Acción non rematada, en desenvolvemento	estar + xerundio	<i>Estamos cursando o bacharelato</i>
		andar + xerundio	<i>María anda facendo das súas</i>
		estar a + infinitivo	<i>Estamos a cursar o bacharelato</i>
		andar a + infinitivo	<i>María anda a facer trastadas</i>
		continuar / seguir + xerundio	<i>Miña tía segue visitándonos todos os anos</i>
		continuar / seguir a + infinitivo	<i>Continúa a ser a película máis vista do ano</i>
		levar + xerundio	<i>Levo adestrando catro anos</i>
		levar a + infinitivo	<i>Levo a estudar tres meses</i>
		ser + a + infinitivo	<i>Todos son a dicirle que o fai mal</i>
		ir + xerundio	<i>Ela vai perdendo o costume de fumar</i>
		vir + xerundio	<i>Viña observándoa desde hai uns días</i>
	PERFECTIVA Acción rematado	acabar / rematar + de + infinitivo	<i>Acabei de ler o poema</i>
		deixar + de + infinitivo	<i>María deixou de fumar</i>
		dar + participio	<i>Por fin dei rematado o exercicio</i>
		levar + participio	<i>Levo andado moito mundo</i>
		vir + de + infinitivo	<i>Vén de rematar o curso e necesito un descanso</i>
	INCOATIVA Inicio dunha acción	comezar / empezar + a + infinitivo	<i>Comezou a estudar Maxisterio</i>
		dar + en + infinitivo	<i>Marcos deu en dicir que iso era un timo</i>
		botar(se) / poñer(se) + a + infinitivo	<i>De repente botouse a chover</i>
		romper a + infinitivo	<i>Estaba tranquila e rompeu a chorar</i>
	TERMINATIVA Acción no seu remate	chegar + a + infinitivo	<i>Chegou a aprobar o exame de conducir</i>
		acabar / rematar + por + infinitivo	<i>Ao final acabou por saberse a verdade</i>
		acabar / rematar + xerundio	<i>Ao final acabou sabéndose a verdade</i>
	REITERATIVA Repetición dunha acción	volver + (a) + infinitivo	<i>Despois dun tempo volveu saír de festa</i>
		ter + participio	<i>Teño ido a Cambados varias veces</i>